

Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda
Edificio Administrativo San Caetano
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: L.8.Q/22754/17

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017

Sra. conselleira:

A lei 10/2016 de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, aprobada fai xa un ano, supuxo unha clara aposta pola adaptación do transporte á evolución social e territorial da poboación da nosa comunidade. Sen dúbida, o ritmo de transformación acaecido nas últimas décadas determinou un cambio significativo nos modelos de asentamento da poboación que aconsellan a adopción de modificacións.

O reto de que cos cambios se responda á dobre necesidade de satisfacer a demanda de mobilidade recorrente ou diaria nas contornas urbanas, mantendo un transporte público sustentable nas zonas rurais, semella complexo.

Esta Institución é consciente de que a revisión en profundidade do mapa de servizos de transporte público, a nova planificación e o novo deseño cara a súa adaptación á realidade actual, comporta unha serie de cambios, que ás veces podería ocasionar certa inqueda na nas persoas usuarias das liñas e rutas.

Cumpridos dous anos ao fronte desta Institución, observo con certa frecuencia, nos diferentes encontros que veño mantendo coa cidadanía, tanto de ámbito rural coma urbano, que o tema do transporte público por estrada aflora como unha das inquedanzas.

Así mesmo, a supresión ou modificación de liñas ou servizos, os cambios de rutas e conexións, foron obxecto de queixas, tanto individuais coma colectivas, nas que como coñecen, solicitamos diferentes informes de colaboración a esta consellería. Na maioría delas, as persoas que solicitaron a intervención desta Valedora, referían empregar o transporte público fundamentalmente para acudir ao seu posto de traballo ou a consultas médicas.

Durante o pasado mes de agosto, tamén se formularon consultas e queixas, que se están a tramitar, das que se infire que os usuarios semellarían acaído dispor de información dos cambios de rutas, liñas, conexións ou horarios, con certa previsión.

É así, neste contexto, que incardinamos, a tenor do disposto nos artigos 13 e 16 da lei reguladora desta Institución (lei 6/1984, do Valedor do Pobo), o inicio desta investigación de oficio, a fin de que informen das actuacións ou medidas implementadas ou previstas, co obxectivo de minimizar as probables incidencias, que as modificacións ou axustes na prestación dos servizos puideran comportarlle aos usuarios; así como da toda canta información consideren ao seu criterio, de interese, para contribuír a que a veciñanza dos concellos de Galicia poda dispor da máis ampla cobertura de necesidades que sexa posible.

Reiterándolle o meu agradecemento pola súa colaboración, saúdaa atentamente

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo

Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda
Edificio Administrativo San Caetano
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: L.8.Q/22754/17

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2017

Sra. conselleira:

Nesta Institución iniciouse expediente de investigación de oficio en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e con relación ao Novo Plan de Transporte. Con data 7/9/2017 interesouse de Vde., informe.

Transcorrido en exceso o prazo de 15 días establecido no artigo 22 da Lei do Valedor do Pobo sen recibir o seu informe, requíreselle polo presente escrito para que de cumprimento ao preceptuado na citada lei autonómica, recordándolle especialmente a obriga de tódolos poderes públicos de Galicia de prestar o auxilio e colaboración que lles sexan demandados por esta Institución nas súas investigacións e actuacións.

Consecuentemente, solicito de Vde., a remisión urxente a esta Institución do referido informe.

Saúdaa atentamente.



Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo

Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda
Edificio Administrativo San Caetano
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: L.8.Q/22754/17

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2017

Sra. conselleira:

Acusámoslle recibo do seu informe que tivo entrada nesta institución con data 17 dos correntes, referente ao expediente de investigación de oficio iniciado en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, con relación ao novo Plan de Transporte.

Consciente da complexidade que comporta a elaboración do Plan de Transporte Público de Galicia, cara á ordenación dos servizos de transporte regular e a coordinación posterior co conxunto de servizos de transporte público desenvolvidos na nosa comunidade, valoramos positivamente cantas medidas se implementaron a fin de minimizar as incidencias ocasionadas polas modificacións ou axustes nas liñas, toda vez que contribuirán a que as persoas usuarias dispoñan da información axeitada no seu momento.

Así mesmo, agardamos que a análise que aínda se está a realizar sobre as peticións ou necesidades da veciñanza, que lle imos trasladando, contribúa a conseguir un servizo de transporte público de calidade que dea solución ás demandas de mobilidade da cidadanía.

Reitérolle o meu agradecemento pola súa colaboración.

Reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo